



A Escola de Atenas de Rafael.

Índice


- A** **Ética antiga**
- B** **Ética medieval**
- C** **Ética moderna**
- D** **Ética contemporánea**

Os distintos conceptos morais (ben, virtude, xustiza, etc) non tiveron sempre o mesmo significado. En canto que está arraigada na vida social, a moral está tamén sometida a variación histórica.

A historia da ética, iniciada en Grecia, ten por tarefa poñer de manifesto as distintas reflexións teóricas que acerca da moral se foron dando ó longo da historia. Con iso contribúe á elaboración e transformación dos conceptos morais, e permíttelle ó home de hoxe amplia-lo campo da reflexión moral, ofrecéndolle a posibilidade de formular unha moral racional por riba da tradición e os costumes.

No presente tema expoñerémo-las principais teorías éticas que se deron ó longo da historia e de maior repercusión actual. Moitas das cuestións éticas tratadas no pasado continúan tendo vixencia.

Principais teorias éticas





▲ Na época grega, a virtude (*areté*) designaba o conxunto de cualidades que facía que algo ou alguén fose valioso ou bo. Así un cabalo é bo se é dócil, de bela planta, veloz, forte e valente no combate.

► Vista da Acrópole de Atenas. O marco socio-político no que desenvolverán as posturas éticas clásicas é a polis ou cidade-estado, que abarcaba un pequeno núcleo urbano amurallado cos seus terreos contiguos.

A

Ética antiga

■ Os sofistas

Ó redor do século V a.C. unha serie de homes, que se denominaban a si mesmos “sabios” (*sophos*), percorrían as polis de Grecia vendendo os seus coñecementos. Este saber do que dicían ser expertos referíase ó comportamento moral e político do home.



Os sofistas foron **educadores** de gobernantes. Ensinaban unha especie de habilidade ou virtude política, a arte da **oratoria**, consistente en convencer mediante o discurso. Esta actividade pedagóxica dos sofistas callou especialmente en Atenas, que vivía un período de esplendor democrático. A virtude de falar ben convertería a quen a posuía nun **bo político**, é dicir, nun home que sabería facer valer en calquera foro (assembleas, xuízos) as súas opinións; e no caso de ocupar cargos políticos, sabería presentar ante os cidadáns a súa xestión como boa, aínda que fose mala.

actividades

- Reflexiona sobre a importancia política da oratoria.

1 Se un orador e un médico chegan a unha cidade, a que ti queiras, e teñen que competir entre si por medio do discurso, ben na Asemblea popular, ben en calquera outra asemblea, para ver cal dos dous resulta elixido como médico, o último non será tido en conta en xeito algún, e será elixido o home que teña a virtude do ben falar, se iso é o que se propón. E se tivese que rivalizar cun home doutra profesión calquera, o orador saberá gañarse á asemblea, antes que calquera outro, para ser elixido. En efecto, non existe asunto algún acerca do que non poida falar con máis persuasión ante unha multitude o home eloquente que o de calquera profesión. Tan grande e de tal condición é o poder desa arte.

Platón, **Gorxias**

Algúns sofistas, como **Gorxias**, defenderon o **escepticismo**, que consiste en negar que exista a verdade ou que poida ser coñecida ou comunicada. A outros, como **Protágoras**, atribúeselles o **sub-jectivismo**, consistente en considerar que a verdade depende do suxeito e non do obxecto (as cousas son como a cada un lle parece que son). En ambos casos a consecuencia é o **relativismo** moral. Calquera postura pode ser defendida ou criticada, pois ou ningunha das dúas é verdadeira ou as dúas o son. O mesmo Protágoras xactábase de ser capaz, acerca de calquera asunto, de facer dous discursos convincentes, un a favor e outro en contra.

O **ben**, como tódolos valores, non é absoluto, senón relativo, é dicir, que o que é bo para uns pode ser malo para outros; incluso para o mesmo individuo o que é bo unhas veces pode ser malo outras. O que decide que algo sexa bo é a cantidade de **pracer** que produce.

2 Sei de moitas cousas que son prexudiciais para os homes, en canto alimentos, bebidas, medicinas etc, e doutras que lle son útiles, sei doutras que son indiferentes para os homes, pero non para os cabalos; doutras que soamente son boas para os bois ou para os cans; doutras que non son convenientes para nada disto, senón soamente para as árbores; e aínda, entre estas, unhas van ben para as raíces, pero son malas para os rebentos recentes, como, por exemplo, o esterco, que é excelente cando se pon xunto ás raíces de tódalas plantas, pero que faría perece-los talos e as pólas novas se se aplicara a iso. Do mesmo xeito, o aceite é moi nocivo para tódalas plantas e é mortal para o pelo de tódolos animais, agás o home, que ten un corpo e un pelo que fortifica. O ben é unha cousa tan diversa e toma tantas formas que, incluso para o home, o que lle é tan útil no seu exterior é detestable para o seu interior.

Platón, **Protágoras**

Os sofistas tamén distinguiron a xustiza legal da xustiza moral e sostiveron que eran incompatibles entre si. O legalmente xusto está establecido polas leis e os costumes de cada país, e, ó ser algo **convencional**, varía dun a outro. O moralmente xusto ven determinado por unha lei escrita na natureza humana e que rexe polo tanto para tódolos seres humanos. Discrepaban, non obstante, ó tratar de determinar esta **lei natural**. Así para **Hipias** é unha lei de igualdade e fraternidade universal entre tódolos homes (as distincións entre ricos e pobres, libres e escravos son sociais). Mentres que para **Calicles** é o dereito do máis forte a impoñerse sobre o máis feble.

convención: pacto ou acordo entre varias persoas, conveniencia.

actividades

- Reflexiona sobre o carácter relativo do ben. Pon exemplos.



▲ *Templo de Atenea Niké en Atenas. Cando, ó fundarse unha polis, se lle encomendaba a alguén legislar, este encerrábase no templo para que a divindade o inspirara. Os sofistas criticaron esta orixe divina das leis e o seu carácter inamovible.*

✓ Os sofistas entendían a virtude en sentido político. O home bo é o bo político, e este domina a arte da oratoria. Tamén defenderon o relativismo moral e o carácter convencional das leis.

■ Sócrates

A actividade dos sofistas provocou a reacción do seu contemporáneo Sócrates (469-399 a.C.). Ó igual que aqueles ocupouse Sócrates do comportamento moral e político do home, pero a diferenza deles defendía Sócrates o carácter **absoluto** do ben, e buscaba formar bos cidadáns. Para Sócrates, non hai máis xustiza que a establecida polas leis, e o home bo debe respectalas por riba de todo, pois sen leis non sería posible a vida social.



► A morte de Sócrates de Dufresnoy. Sócrates foi inxustamente condenado a bebe-la cicuta. Cando se lle presentou un plan para fuxir, el rexeitouno alegando que era mellor padece-la inxustiza que cometela. Sócrates defendeu o acatamento ás leis aínda que nos prexudicasen.

intelectualismo moral: postura ética que identifica o ben coa sabiduría.

Para Sócrates, a virtude ou calidade excelente do home bo é un saber de tipo práctico, consistente en saber obrar con rectitude. Todas as demais virtudes morais (a valentía, a moderación, a piedade, a prudencia, a xustiza) o son pola súa referencia á **sabiduría**. O home bo, ó coñece-lo ben, obrará necesariamente ben. O home malo é malo porque descoñece o ben.

A este *intelectualismo* moral fórmanselle varias obxeccións. A primeira, que a experiencia demostra que non basta o coñecemento do ben para realizalo. A segunda, que a virtude, como calquera outro coñecemento, podería ensinárselle (curiosamente Sócrates reprochaba ós sofistas que fosen mestres da virtude, pois ó seu xuízo como esta non podía ensinárselle carecía de mestres e de discípulos), algo que a experiencia rebate (de pais virtuosos non sempre saen fillos bos). E a terceira, que conduce á insostible conclusión de que é mellor quen fai o mal voluntariamente que quen o fai sen querer, porque é máis sabio. A esta última responde Sócrates que ninguén fai o mal

a sabendas de que é un mal, senón por ignorancia, pois ninguén quere prexudicarse a si mesmo.

3 Se, pois, repliquei, o agradable é bo, ninguén, sabendo ou pensando que outra acción é mellor que a que el realiza e que é posible, quererá facelo que leva a cabo, sendo así que pode obrar mellor; e deixarse vencer é pura ignorancia, mentres que vencer é saber.

Todos o recoñeceron así.

– “E ademais, ¿a que chamades ignorancia senón ó feito de ter unha opinión falsa sobre o valor das cousas?”

Novamente e con unanimidade déronme a súa aprobación.

– ¿Que outra conclusión sacar diso, senón que ninguén tende por propio gusto e vontade cara ó que é malo ou o que el cre malo?

Platón, **Protágoras**

Sócrates sostén ademais que só coñecemos algo se sabemos definilo. Isto significa que, ó seu xuízo, un requisito previo para poder practicalas distintas virtudes morais sería o poder formular un xuízo que recollera os rasgos esenciais de todos aqueles actos que cualificamos como virtuosos. Ninguén pode ser piadoso (ou xusto ou valente) se nón sabe dar unha **definición** xeral da piedade (ou da xustiza ou da valentía). Con iso *fundamenta* Sócrates a moral na razón.

4 Dime, que consideras que é o piadoso (...) Mais lembra que non che encarguei que me deas a coñecer unha ou dúas destas moitas cousas que son piadosas, senón que che pedín que me manifeste-la natureza de tódalas cousas piadosas (...) Ese carácter distintivo é o que eu quero que me fagas manifesto, para que, considerándoo con atención e servíndome del como dun modelo, poida declarar que todo o que tí ou outro fai de igual xeito é piadoso, en tanto que o que difire del non o é.

Platón, **Eutifrón**

✓ Para Sócrates o home bo é o bo cidadán. Sostivo o intelectualismo moral e defendeu que o ben era algo absoluto.

actividades

- Comenta e debate as ideas principais do texto.

fundamento: base na que se apoia algo, principio que sostén un razoamento.

actividades

- ¿Que relación establece Sócrates entre a definición da piedade e os actos piadosos?



▲ O filósofo grego, discípulo de Sócrates, Platón (427-347 a.C.).

inmutable: que non sofre mutación ou cambio, que é sempre o mesmo.

actividades

• ¿Como é o home completamente inxusto? ¿Como é o home completamente xusto? ¿Quen cres que é máis feliz?

■ Platón

Para Platón (427-347 a.C.), o **ben** non é algo subxectivo como pensaban os sofistas nin un mero concepto mental como pensaba o seu mestre Sócrates. O ben é algo real, *inmutable* e obxectivo, que existe independentemente das cousas boas nun mundo á parte. O ben comunícalle a bondade ás cousas e ás accións, e é a causa de que sexan boas. O seu coñecemento ou visión intelectual é a máxima aspiración do filósofo. Quen teña tal visión será bo. Pero ademais, e para non deixar fóra da moral os máis da poboación, ocupada en gañarse a vida sen tempo para filosofar, Platón admite que alguén pode ser bo sen coñecerlo ben, se é persuadido, incluso con mentiras e castigos, cara ó ben por quen o coñece.

A cuestión ética fundamental, proposta polos sofistas, á que Platón tratará de dar resposta é ¿por que interesa ser bo e non simplemente parecelo? ¿por que esforzarse en ser xusto? ¿que gañamos con iso?

5 O home inxusto, que realiza perfectamente as súas malas accións, faino ás agachadas para ser inxusto na súa verdadeira medida. Porque se se lle sorprende nelas, forzoso será crer que é un home inepto, xa que a máis perfecta inxustiza consiste en parecer ser xusto sen selo (...) Poñamos agora xunto a el ó home xusto, que é un home sinxelo e nobre, decidido a ser bo e non a parecelo, como di Esquilo. Despoxémoslle, pois, da súa aparencia. Porque, se parece ser xusto, terá os honores e recompensas que lle corresponden, e non aparecerá con claridade se é tal por amor da xustiza ou polas recompensas e honores que recibe. Hai que deixalo como espido de todo agás da xustiza, facéndolle completamente contrario ó home citado anteriormente: que non tendo cometido inxustizas sexa tido polo máis perverso, a fin de que, sometida a súa virtude ás máis duras probas, non se deixe abrandar pola mala reputación e por todo o que ela trae consigo, senón que vaia invariable cara á morte, coa inmerecida fama de home inxusto. Levados á súa culminación estes dous homes —culminación de xustiza o un, de inxustiza o outro— poderá xulgarse cal deles é o máis feliz.


Platón, **República**

Segundo Platón, interesa ser realmente bo e xusto por tres razóns vinculadas entre si: unha social, outra psicolóxica e unha terceira relixiosa.

• Os individuos agrúpanse en sociedade con vistas a axudarse mutuamente na satisfacción de múltiples necesidades (alimento, vestido, vivenda, etc). Unha sociedade ben organizada é unha sociedade feliz, na que hai seguridade e benestar. A xustiza consiste nesta boa

organización ou **harmonía social**. Para Platón, a organización social perfecta é aquela que consta de tres clases (gobernantes, gardiáns, produtores) coas súas funcións correspondentes (goberno, defensa, produción). A harmonía enténdea no sentido de que cada unha delas realice eficazmente a función que socialmente ten encomendada sen entremeterse nos labores das outras dúas. O individuo é bo e xusto cando, en canto membro dunha destas tres clases, cumpre a función que lle corresponde, colaborando no bo funcionamento e a felicidade do conxunto.

- Esta concepción da xustiza como harmonía aplícaa tamén ó individuo. A alma humana, ó igual que a sociedade, consta tamén de tres partes (a racional, a irascible e a concupiscible) coas súas funcións correspondentes (coñecer, querer, desexar). Un home xusto é aquel que posúe **equilibrio interno**, aquel no que a súa facultade racional, axudada pola forza de vontade, domina sobre os seus desexos. Neste sentido, a xustiza é a saúde da alma e proporciona a felicidade persoal. A inxustiza é, polo contrario, un desequilibrio psicolóxico no que a razón se somete ó afán de gloria ou á satisfacción incontida de tódolos desexos. A inxustiza, en canto enfermidade da alma, conduce á desgracia persoal. O mantela oculta non mitiga, senón que aumenta, esta desgracia.



◀ *Ánfora do século V a.C. Platón compara a alma cun carro tirado por dous cabalos alados, un dócil (a vontade) e o outro rebelde (os desexos). O auriga (a razón) con axuda do primeiro debe someter ó segundo. Só así terá dominio do carro (autocontrol) e poderá conducilo ás máis altas rexións do ceo (a salvación).*

- O home xusto terá ademais un premio na outra vida pola súa bondade, e o inxusto un castigo pola súa maldade. Podemos enganar ós deuses pero non ós deuses que han de xulgarnos despois de mortos. A práctica da xustiza **purifica** a alma, límpaa e faina facilmente recoñecible como unha alma boa. A práctica da inxustiza, polo contrario, máñcha e corrompe.

6 Con todo —advertín eu—, aínda non falamos das maiores recompensas á virtude e dos premios que se lle ofrecen.
—Inconcebibles terán que ser —dixo—, se aínda superan a todo o xa dito.

actividades

- ¿Cres que hai que ser bo polos premios que nos ofrece a relixión na outra vida?



▲ O filósofo grego, discípulo de Platón, Aristóteles (384-322 a.C.).

"Unba andoriña non fai verán, nin un só día, e así tampouco fai venturoso e feliz un só día ou pouco tempo".
(ARISTÓTELES).

actividades

• ¿En que consiste para Aristóteles unha vida feliz?

— ¿E sería grande acaso —preguntei— o que transcorre nun tempo pequeno? Porque todo ese tempo que separa a infancia da vellez, ben pouca cousa é relativamente á eternidade.

— Digamos que non é nada —contestou—.

— ¿Pois que? ¿Pensas que un ser inmortal debe tratar en serio un tempo tan curto e despreziciar en cambio toda a eternidade? (...) Se dades crédito ás miñas palabras e estimades que a alma é inmortal e capaz de recibir tódolos males e todos os bens, marcharemos sempre polo camiño do ceo e coidaremos intelixentemente, por tódolos medios, da práctica da xustiza.

Platón, *República*

✓ Para Platón, o ben é algo absoluto, obxectivo e transcendente. A xustiza enténdea como harmonía social, como equilibrio interno e como purificación. O home xusto, ademais de vivir ben, recibirá un premio na outra vida pola súa bondade.

■ Aristóteles

Para Aristóteles (384-322 a.C.), discípulo de Platón, a **felicidade** é o ben absoluto e o fin último de tódalas nosas accións. Hai outros bens, como a riqueza ou os honores, pero estes son relativos; non son bens en si mesmos, senón medios para alcanza-la felicidade, o único que é un ben en si mesmo. Algo se di bo ou malo en relación a este fin último que é a felicidade.

A felicidade consiste, segundo Aristóteles, en obrar ben e en vivir ben. Pero obrar e vivir ben é obrar e vivir humanamente, e dado que a razón é a facultade humana por excelencia, a vida feliz ou a boa vida é unha vida de acordo coa **razón**. A felicidade non é algo que se teña por momentos e que noutro intre se careza dela, senón que se manifesta durante toda a vida, incluso nos momentos adversos.

7 Pero tal vez parece certo e recoñecido que a felicidade é o mellor, e, con todo, sería desexable mostrar con maior claridade que é. Acaso se lograría isto se se comprendera a función do home. En efecto, do mesmo xeito que no caso dun frautista, dun escultor e de todo artífice, e en xeral dos que fan algunha obra ou actividade, parece que o bo e o ben están na función, así parecerá tamén no caso do home se hai algunha función que lle sexa propia (...) ¿E cal será esta finalmente? Porque o vivir parece tamén común ás plantas, e búscase o propio. Hai que deixar de lado, polo tanto, a vida de nutrición e crecemento. Viría despois a sensitiva, pero parece tamén que esta é común ó cabalo, ó boi e a

tódolos animais. Queda, por último, certa vida activa propia do ente que ten razón; e este, por unha parte, obedece á razón; por outra parte, posúea e pensa (...) Sendo isto así, dicimos que a función do home é unha certa vida, e esta unha actividade da alma e accións razoables.

Aristóteles, *Ética a Nicómaco*

A vida feliz é o resultado e a consecuencia da práctica da **virtude**. Esta non é algo innato nin algo casual senón que é un **hábito** ou disposición adquirida mediante o exercicio e o costume a actuar debidamente segundo a recta razón; é dicir, o hábito de escolle-lo **termo medio** entre un exceso e un defecto, ambos negativos, como criterio respecto a certas maneiras de obrar (a xenerosidade é o termo medio entre o desbarate e a avaricia, a valentía é o termo medio entre a temeridade e a covardía, a moderación é o termo medio entre o desenfreno e a indiferencia). De aquí que a consecución da felicidade sexa responsabilidade de cada un.

8 Facémonos constructores construíndo casas e citaristas tocando a cítara. Así tamén practicando a xustiza facémonos xustos, practicando a temperanza, temperados, e practicando a fortaleza, fortes (...) Tocando a cítara fanse tanto os bos como os malos citaristas; e analogamente os constructores de casas e tódolos demais: construíndo ben serán bos constructores e construíndo mal, malos. Se non fora así, non habería ningunha necesidade de mestres, senón que todos serían de nacemento bos ou malos. E o mesmo ocorre coas virtudes: é a nosa actuación nas nosas transaccións cos demais homes o que nos fai a uns xustos e a outros inxustos, e a nosa actuación nos perigos e a habituación a ter medo ou ánimo o que nos fai a uns valentes e a outros covardes; e o mesmo ocorre cos apetitos e a ira: uns vólvense moderados e apacibles e outros desenfreados e iracundos, os uns por terse comportado así nestas materias, e os outros doutro xeito. Nunha palabra, os hábitos prodúcense polas operacións semellantes. De aí, a necesidade de facer certa clase de accións, posto que ás súas diferencias corresponderán os hábitos. Non ten, por conseguinte, pouca importancia o adquirir dende novos tales ou cales hábitos, senón moitísima, ou mellor dito, total.

Aristóteles, *Ética a Nicómaco*

A práctica da virtude produce por si mesma ó home virtuoso un **pracer** suficiente e superior a outro tipo de praceres. Por iso, a vida feliz, consistente na práctica da virtude, é a vida máis practerera.

actividades

- Reflexiona sobre a relación que formula Aristóteles entre os hábitos e os actos. ¿Que consecuencias pedagóxicas ten?
- ¿Cres que o ser humano é responsable dos seus bos ou malos hábitos?
- Elabora unha lista de 5 comportamentos e sinala o exceso, o defecto e o termo medio.

actividades

- Resume o contido do texto.



▲ *Aínda que a felicidade se vive subxectivamente, require unhas condicións obxectivas, cunha presenza que non garante unha vida feliz, pero sen as que ninguén o pode ser. Mellora-las condicións de vida de tódolos seres humanos debe ser un obxectivo político prioritario.*

9 As cousas fermosas e boas que hai na vida só as acadan os que actúan certoiramente; e a vida destes é agradable por si mesma. Porque o deleitarse é algo anímico, e para cada un é prazentoso aquilo do que se di afeccionado, como o cabalo para os afeccionados a cabalos, o espectáculo para afeccionados a espectáculos, e do mesmo xeito tamén as cousas xustas para o que ama a xustiza, e en xeral as cousas conformes á virtude para o que ama a virtude. Os prazeres da maior parte dos homes están en pugna porque non o son por natureza, mentres que para os inclinados ás cousas nobres son agradables as cousas que por natureza son agradables. Tales son as accións de acordo coa virtude, de sorte que son agradables para eles e por si mesmas. A vida destes, por conseguinte, non necesita en xeito algún do prazere como dunha especie de engadido, senón que ten o prazere en si mesma. É máis, nin sequera é bo o que non se comprace nas boas accións, e ninguén chamaría xusto ó que non se comprace na práctica da xustiza (...) Se isto é así, as accións de acordo coa virtude serán por si mesmas agradables.

Aristóteles, *Ética a Nicómaco*

Pero ademais de ser unha vivencia subxectiva prazenteira, a felicidade require unhas **condicións** obxectivas, como son o benestar económico, a saúde, a liberdade, a vida social, etc. Estas non constitúen por si mesmas a felicidade. Pódense cumprir todas elas e non ser feliz, pero ninguén pode ser feliz en ausencia das mesmas.

✔ **Para Aristóteles, a felicidade constitúe o ben absoluto e o fin último das nosas accións. A felicidade radica na virtude, e esta consiste nun hábito de obrar ben e razoablemente. Aínda que se experimenta subxectivamente, a felicidade require unhas condicións obxectivas.**

■ *Os estoicos*

Coa morte de Alexandre Magno (323 a.C.) iníciase o período **helenístico** da cultura antiga, que se prolonga ata o século VI d.C. Caracterízase este período pola perda de autonomía da polis, e polo rexurdimento de entidades políticas máis amplas e burocratizadas (monarquías greco-orientais, imperio romano).

Ó individuo da época clásica a polis proporcionáballe uns sinais de identidade e un sentido á súa vida, que agora desaparecen. A consecuencia é o desarraigamento e a inseguridade. As éticas estoica e epicúrea constitúen as dúas respostas máis importantes a esta época de crise. Ambas intentarán crear novos valores e novos marcos de referencia para facer posible o ideal moral da vida feliz, consistente na

ataraxia. O modelo no que se plasma este ideal moral é o **sabio**, que se caracteriza polo autocontrol e a liberdade interior.



Para os estoicos, o ben é a **virtude**, e esta consiste na capacidade de soportar con fortaleza e serenidade as acometidas do destino. Todo o que lle ocorra ó home é inevitable e bo. O estado de felicidade é un estado de imperturbabilidade ante calquera acontecemento. Esta actitude é o resultado dunha reflexión racional, dunha comprensión do conxunto de toda a realidade. Por iso, só o sabio pode ser feliz.

O **Cosmos** (ó que tamén chaman Deus) concíbeno como unha estrutura racionalmente organizada, da que o home forma parte (o estoico declárase *cosmopolita*). Tódolos acontecementos están rixidamente *determinados*, de xeito que nada sucede ó chou. Todo o que ocorre é polo ben do todo, e o que é bo para o todo é bo para a parte. O **mal** non existe, e só un coñecemento inexacto faranos crer que si.

◀ Stoa ou pórtico de Atala en Atenas. A escola estoica foi fundada por Zenón de Citio cara ó 300 a.C. nun pórtico.



▲ O máis importante pensador estoico da época romana foi o filósofo cordobés Séneca (3 a.C.- 65 d.C.), a quen Nerón obrigou a suicidarse.

actividades

- Resume e valora criticamente a actitude estoica ante a vida.

ataraxia: estado de imperturbabilidade, serenidade e autocontrol.

cosmopolita: cidadán do mundo.

determinismo: postura filosófica que sostén que todo acontecemento é o resultado necesario dunha causa anterior.

10

Non se me obriga a nada, non sufro nada en contra da miña vontade, non son escravo de deus, senón que dou o meu asentimento, tanto máis canto que sei que todo se desenvolve de acordo cunha lei fixa, dictada para a eternidade. Os fados condúcennos, e o tempo que a cada un lle queda dispúxoo a primeira hora dos que nacen. Unha causa depende outra. Unha concatenación de feitos condiciona os acontecementos privados e públicos. Por iso, hai que soportalo todo con valentía, porque as cousas no caen do ceo, como cremos, senón que veñen. Hai tempo que está decidido iso do que te alegras, polo que choras e, aínda que a vida de cada individuo parece distinguirse por moitos detalles,



▲ O filósofo grego Epicuro (341-270 a.C.) foi o fundador dunha escola chamada O Xardín, onde se retirou cuns amigos para levar unha vida feliz. Nesta comunidade aceptaron escravos e mulleres. A corrente epicúrea mantivo a súa presenza social ata o século IV d.C.

actividades

- ¿Que concepto do pracer expón Epicuro neste texto?
- Distingue e valora distintos tipos de praceres. ¿Cres que o hedonismo é un dos males do noso tempo?

o conxunto redúcese a unha soa cousa: recibimos cousas perecedoiras nós, seres perecedoiros. ¿Por que, entón, nos indignamos? ¿Por que nos queixamos? Para iso viñemos ó mundo (...) ¿Que é o propio do home bo? Ofrecerse ó destino.

Séneca, *Sobre a providencia*

✓ Para os estoicos, o ben é a virtude. O home bo soporta firme e sereno tódalas desgracias, xa que sabe que son inevitables. A vida feliz consiste en manterse imperturbable ante calquera acontecemento externo.

■ Os epicúreos

O rasgo característico da ética epicúrea é o *hedonismo*, xa que consideran que todo **pracer** é un ben en si mesmo, o punto de partida e o fin da vida feliz. Avalan esta postura co feito de que tódolos seres tenden por natureza a procura-lo pracer e a evita-la dor.

Pero, aínda que todo pracer é un ben e toda dor un mal, non todo pracer debe ser desexado, se del se seguen consecuencias dolorosas, nin toda dor evitada, se del se segue un pracer maior. Ademais, distinguen os epicúreos diversos tipos de praceres (sensibles, intelectuais, dinámicos, estáticos), sendo o pracer maior a ausencia de dor corporal e de angustia mental. Para acadar este estado de ataraxia ou felicidade requírese un coñecemento dos desexos e praceres, así como das causas dos temores que nos perturban e inquietan. Por iso, só o sabio pode ser feliz.

11 A autarquía témola por un gran ben, non porque debamos sempre conformarnos con pouco, senón para que, se non temos moito, con este pouco nos baste, pois estamos convencidos de que da abundancia gozan con maior dozura aqueles que minimamente a necesitan, e que todo o que a natureza reclama é fácil de obter, e difícil o que representa un capricho.

Os alimentos frugais proporcionan o mesmo pracer que os exquisitos, cando satisfán a dor que a súa falta nos causa, e o pan e a auga son motivo do maior pracer cando deles se alimenta quen ten necesidade.

Estar acostumado a unha comida frugal e sen complicacións é saudable, e axuda a que o home sexa dilixente nas ocupacións da vida; e, se de xeito intermitente, participamos dunha vida máis luxosa, a nosa disposición fronte a esta clase de vida é mellor e mostrámonos menos temerosos respecto á sorte.

hedonismo: postura ética que identifica o ben co pracer.

Cando dicimos que o pracer é a única finalidade, non nos referimos ós praceres dos disolutos e libertinos, como afirman algúns que descoñecen a nosa doutrina ou non están de acordo con ela ou a interpretan mal, senón ó feito de non sentir dor no corpo nin turbación na alma. Pois nin os banquetes nin os festexos continuados, nin o gozar con rapaciños e mulleres, nin os peixes nin outros manxares que ofrecen as mesas ben servidas nos fan a vida agradable, senón o xuízo certo que examina as causas de cada acto de elección ou aversión e sabe guiar as nosas opinións lonxe daquelas que enchen a alma de inquietude.

Epicuro, **Carta a Meneceo**

Un dos máis grandes temores que desacouga ó ser humano e lle impide ser feliz é a certeza da morte. Co seu *materialismo* propóñense eliminar este temor. Todo remata para nós coa morte. Non hai outra vida, nin premios nin castigos divinos, non hai dor nin tampouco pracer despois de mortos. A mellor actitude é a de ignora-la propia morte e dedicarnos a gozar serenamente os praceres da vida.

12 Acostúmate a pensar que a morte para nós non é nada, porque todo o ben e todo o mal residen nas sensacións, e precisamente a morte consiste en estar privado de sensación. Polo tanto, a recta convicción de que a morte non é nada para nós fainos agradable a mortalidade da vida; non porque lle engada un tempo indefinido, senón porque nos priva dun afán desmesurado de inmortalidade. Nada hai que cause temor na vida para quen está convencido que o non vivir non garda tampouco nada temible. É estúpido quen confese teme-la morte non pola dor que poida causarlle no momento que se presente, senón porque, pensando nela, sente dor porque aquilo cunha presenza que non nos perturba, non é sensato que nos angustie durante a súa espera. O peor dos males, a morte, non significa nada para nós, porque mentres vivimos non existe, e cando está presente nós non existimos. Así pois, a morte non é real, nin para os vivos nin para os mortos, xa que está lonxe dos primeiros e, cando se achega ós segundos, estes desapareceron xa. A pesar diso, a maior parte da xente unhas veces evita a morte véndoa como o maior dos males, e outras invócaa para remedio das desgracias desta vida. O sabio, pola súa parte, nin desexa a vida nin evita o deixala, porque para el o vivir non é un mal, nin considera que o sexa a morte. É así como dentre os alimentos non escolle os máis abundantes, senón os máis agradables, do mesmo xeito goza non do tempo máis longo, senón do máis intenso en pracer.

Epicuro, **Carta a Meneceo**

materialismo: postura filosófica que nega a existencia de realidades espirituais. Todo é materia ou é un produto da materia.

actividades

- Comenta a actitude epicúrea ante a morte e ante a vida.



▲ **San Rodrigo** de Murillo. Mentres que no mundo grego o ideal moral é o sabio, no cristianismo é o santo. O premio á santidade é a beatitude ou felicidade sobrenatural.

► Ilustración da obra de santo Agostiño (354-430) **A cidade de Deus** na que ó mundo da virtude (cidade de Deus) opón o mundo do vicio (cidade terreal). O fundamento daquela é o amor a Deus ata o desprecio dun mesmo, o desta é o amor a un mesmo ata o desprecio de Deus.

✓ Para os epicúreos, o ben é o pracer. A vida feliz consiste na ausencia de dor corporal e anímica, posto que este é o pracer maior. Mediante o coñecemento o sabio persegue este estado de felicidade.

B

Ética medieval

Durante a Idade Media (V-XV), a **relixión cristiá** ocupa tódolos ámbitos da vida cultural, incluída a ética. Esta toma unha dimensión **sobrenatural**. Deus é o sumo ben e a realidade suprema, creador e lexislador do Universo e da orde moral. Mediante a revelación Deus comunicou a todos os homes o que está ben e o que está mal, e estes deben someterse obedientemente ós seus mandamentos. O ser humano está de paso nesta vida, e do seu comportamento nela dependerá a súa salvación ou condena eterna. Os conceptos antigos “mal”, “felicidade” e “sabiduría” son substituídos por “pecado”, “beatitude” e “santidade”.



■ **San Tomé de Aquino**

Para san Tomé (1226-1274), o fin último do home é a **beatitude**. Todo o que o home apetece ou desexa, faino en función dese fin último. A beatitude alcánzaa o home coa visión de Deus, e é o premio reservado para os *benaventurados* na outra vida polas súas accións virtuosas nesta.

A **virtude** enténdea en sentido aristotélico como un hábito que nos dispón a realizarmos actos moralmente bos. Xunto ás clásicas

benaventurado: que goza de Deus no ceo.

cas virtudes cardinais (prudencia, xustiza, fortaleza e temperanza), sinala as teologais (fe, esperanza e caridade), e iso porque, como o fin do home é sobrenatural, aquelas non bastan, requiríndose o auxilio destas.


Un acto é bo se se axusta á lei. Distingue san Tomé catro tipos de leis: a eterna, a natural, as humanas e a divina.

- A **lei eterna** é o plan eterno de Deus, de acordo co que está ordenada toda a creación, e que coincide co Pensamento Divino.

- A **lei natural** é a *participación* da lei eterna na criatura racional; é un reflexo da Razón Divina na razón humana, unha luz (*sindérese*) pola que tódolos homes distinguen o que é bo do que é malo. É común a tódolos homes, sexan ou non crentes. Os preceptos da lei natural maniféstanse, por exemplo, nas tendencias ou inclinacións naturais dos homes a conserva-la vida, a procrear e educa-los fillos, e a vivir en sociedade.

- As **leis humanas** son disposicións, válidas só no ámbito dunha comunidade, que concretan a lei natural. Son unha esixencia da lei natural, dado que esta prescribe vivir en sociedade, e para iso requírense leis. Estas poden ser xustas ou inxustas. Son **xustas** se son promulgadas por alguén lexitimado para iso, se buscan o ben común, e se non son contrarias á lei natural. Son **inxustas** se quen as promulga non ten capacidade legal para iso, se buscan o ben particular, ou se son contrarias á lei natural.

- Por último, a **lei divina** son os dez mandamentos revelados por Deus ós crentes, e a súa función é completa-la lei natural e as leis humanas.



▲ O filósofo e teólogo cristián Tomé de Aquino (1226-1274) foi beatificado polo papa Xoán XXII en 1323 e proclamado Doutor da Igrexa polo papa Pío V no 1567.

participación: comunicación de algo a alguén.

sindérese: capacidade natural para xulgar rectamente.

◀ Da concepción tomista da lei séguense varias consecuencias. Primeiro, que toda lei xusta fundamenta a súa autoridade en Deus. Segundo, que ningunha lei civil pode ir en contra da orde moral instaurada por Deus. Terceiro, que o estado debe someterse á autoridade moral da Igrexa. E cuarto, que o cristián está obrigado a cumpri-las leis xustas e a desobedece-las inxustas.

actividades

- Estructura nun esquema as ideas principais do texto e resume o seu contido.
- Comenta a eficacia legal da conciencia moral e os remordementos.
- ¿Cres que a Igrexa pode atribuírse autoridade moral en tódolos asuntos? Busca novas na prensa respecto a este tema e debatelas.

13 Ademais da lei natural e da lei humana, foi necesaria a imposición dunha lei divina para a dirección da vida humana. Isto próbano catro argumentos. Primeiro, o home é conducido nos seus actos propios, ordenados ó fin último, por medio da lei. Se o home se ordenase a un fin que non excedese o alcance das súas capacidades naturais, non sería necesario que a súa razón tivese unha norma directiva superior á lei natural e á lei humana, derivada da natural. Pero, como se ordena a un fin —a benaventuranza eterna— que excede a proporción natural da facultade humana, era necesaria, ademais da lei natural e da humana, unha norma divina que o dirixira cara ó seu propio fin.

Segundo. Porque a incerteza do xuízo humano, máxime en cousas contingentes e particulares, dá lugar a que os xuízos das diversas persoas acerca das accións humanas sexan dispares; e destes xuízos proceden leis diversas e contrarias. Por iso, co fin de que o home poida saber, sen ningún xénero de dúbida, o que debe facer e o que ha de evitar, foi necesaria na dirección dos seus actos unha norma dada por Deus, a cal sabemos certamente que non se pode trabucar.

Terceiro. Porque o home pode legislar naquelas materias sobre as que pode emitir xuízos. Pero o home non pode vulgar acerca dos movementos interiores, que están ocultos, senón soamente acerca dos movementos exteriores, que son observables. E, con todo, para a perfección da virtude requírese no home unha conducta recta nos seus actos internos e externos. Por conseguinte, a lei humana non pode rectificar e ordenar suficientemente os actos interiores, e foi necesario que con este obxecto se instituíse a lei divina.

Cuarto. Porque como di santo Agostiño, a lei humana non pode castigar ou prohibir tódalas accións malas, xa que, ó pretender evitar tódolos males, se seguirá tamén a supresión de moitos bens, con prexuízo do ben común, necesario para a convivencia humana. Por iso, para que ningún mal quedase sen prohibición e castigo, foi necesaria a imposición dunha lei divina, por medio da que tódolos pecados quedasen absolutamente prohibidos.

Tomé de Aquino, **Suma Teolóxica**

✓ Para san Tomé, a felicidade é sobrenatural e consiste na beatitude ou visión de Deus. Este é o premio reservado na outra vida ós homes bos. O ben consiste en cumpri-la vontade de Deus.

C

Ética moderna

A Idade Moderna é o período histórico que se inicia co Renacemento da cultura antiga (XV) e culmina coa Ilustración (XVIII). Caracterízase este período pola progresiva *secularización* da cultura e pola absoluta confianza do home na súa propia facultade racional. Mediante a **razón** preténdese dominar científica e tecnicamente a Natureza, e fundamenta-la moral.

■ Kant

Para Kant (1724-1804), unha das preguntas fundamentais que se formula o ser humano refírese ó que **debemos facer** na orde práctica para que o noso comportamento sexa moralmente correcto. Nestes casos, dinos Kant, temos que dirixirnos exclusivamente á nosa propia razón para que sexa ela, e ninguén máis, quen nolo diga.



Pero aínda que é a razón de cada individuo quen formula as normas ou imperativos morais, a súa validez é para tódolos seres humanos. As accións que as normas morais nos esixen realizar (“non mentirás”, “non matarás”) son en si mesmas moralmente valiosas, independentemente das consecuencias que se deriven das mesmas.

O ben e o mal dunha acción non radica nas súas consecuencias senón na intención de quen actúa. Por iso, para Kant non hai actos bos nin malos senón boas ou malas intencións. O home virtuoso posúe **boa vontade** en canto que o único móbil da súa acción é o cumprimento do deber moral. En linguaxe kantiana, a virtude consiste en **obrar por deber** e non só conforme ó deber. Non basta con que a



▲ Kant (1724-1804) intentou fundamenta-la universalidade da moral na razón.

◀ A liberdade guiando ó pobo de Delacroix.

secularización: perda da condición relixiosa e adquisición da condición segrar ou laica.

categórico: que afirma ou nega algo dunha maneira absoluta e sen excepción.

acción se axuste ó deber moral, é necesario que a intención sexa o cumprimento do deber moral. Se un comerciante non vende moi caros os seus produtos para vender máis ou pola competencia doutros comerciantes estará obrando correctamente dende o punto de vista do seu propio interese, pero a súa acción non ten mérito moral xa que as súas intencións son egoístas e non o fai por honradez.

Segundo Kant, tódalas normas morais teñen que derivarse dunha única lei moral ou **imperativo categórico**. Este posúe un carácter **formal** en canto que non nos di o que debemos facer (a materia ou contido) senón como o debemos facer (a forma). Dúas das súas enunciacións son:

- “Obra como se a máxima da túa acción debера tornarse, pola túa vontade, lei universal da natureza”.

actividades

- Resume o contido do texto.
- Valora, poñendo outros exemplos, a esixencia de universalidade de todo imperativo moral.

14 Outro vese apurado pola necesidade de pedir diñeiro en préstamo. Ben sabe que non poderá pagar; pero sabe tamén que ninguén lle prestará nada como non prometa formalmente devolve-lo en determinado tempo. Sente desexos de facer tal promesa; pero aínda lle queda conciencia bastante para preguntarse: ¿non está prohibido, non é contrario ó deber saír de apuros desta maneira? Supoñamos que decida, con todo, facelo. A súa máxima de acción será esta: cando me crea estar apurado de diñeiro, tomarei préstamo e prometeré o pago, aínda cando sei que non o vou verificar xamais. Este principio do egoísmo ou da propia utilidade é quizais compatible con todo o meu futuro benestar. Pero a cuestión agora é esta: ¿é iso lícito? Transformo, pois, a esixencia do egoísmo nunha lei universal e dispoño así a pregunta: ¿que sucedería se a miña máxima se tornase lei universal? En seguida vexo que nunca pode valer como lei universal, nin convir consigo mesma, senón que sempre ha de ser contradictoria. Pois a universalidade dunha lei que diga que quen cre estar apurado pode prometer o que se lle ocorra propoñéndose non cumprilo, faría imposible a promesa mesma e o fin que con ela pode obterse, pois ninguén crería que recibe unha promesa e todos rirían de tales manifestacións como dun van engano.

Kant, **Fundamentación da metafísica dos costumes**

- “Obra de tal xeito que empregue-la humanidade, tanto na túa persoa como na persoa de calquera outro, sempre como un fin ó mesmo tempo e xamais soamente como un medio”.

15 Segundo o concepto do deber necesario para consigo mesmo, haberá de preguntarse quen ande pensando no suicidio, se a súa acción pode compadecerse coa idea da humanidade como fin en si. Se,

para escapar a unha situación dolorosa, destrúese el a si mesmo, fai uso dunha persoa como mero medio para conservar unha situación tolerable ata o fin da vida. Mais o home non é unha cousa; non é, pois, algo que poida usarse como simple medio; debe ser considerado en tódalas súas accións, como fin en si. Non podo, pois, dispoñer do home, na miña persoa, para mutilalo, estragalo, matalo.

Kant, Fundamentación da metafísica dos costumes

A ética kantiana ten de positivo resalta-la liberdade e autonomía do ser humano e o seu valor como persoa. Repróchaselle, non obstante, o seu *rigorismo* moral e o desentenderse das consecuencias das accións. Tamén se lle reprocha que ó home virtuoso lle estea vedada a **felicidade** nesta vida, tendo que agardar á outra para recibir acaso o premio á súa virtude.

✓ Para Kant, o individuo, en canto ser racional e libre, impónse a si mesmo o deber moral. O comportamento moralmente correcto (a virtude) consiste na intención de obrar por deber sen ter en conta as consecuencias da acción. Nesta vida, virtude e felicidade son incompatibles.

D

Ética contemporánea

■ Marx


O pensamento de Marx (1818-1883) enmárcase no contexto histórico da Revolución Industrial, que xerou unha nova clase social, o proletariado, sometida a duras condicións de vida. Marx pretende libera-lo proletariado e espertar nel a conciencia de forza revolucionaria para destruí-lo sistema capitalista e instaurar unha sociedade máis humana e máis xusta.



actividades


- Valora, poñendo outros exemplos, a esixencia de que todo imperativo moral debe considerar ó ser humano, tanto na propia persoa como na doutro, como un fin e non só como un medio.
- ¿Cres que é lícito moralmente o suicidio? Comenta a postura de Kant.

rigorismo: exceso de severidade en materias morais e legais.



▲ O filósofo alemán Karl Marx (1818-1883).

◀ Nenos a punto de entrar nunha mina de South Pittston en Pensilvania en 1911. A explotación de nenos en traballos bárbaros e inhumanos continúa sendo unha vergoña para a humanidade. Moitas empresas seguen empregando a man de obra infantil en países do Terceiro Mundo en réxime de escravitude. Incluso na nosa sociedade os nenos realizan tarefas impropias da súa idade.



▲ A tese central do pensamento de Marx é que a economía dunha sociedade determina en última instancia tódolos seus produtos culturais, incluída a moral. Esta é un reflexo da organización productiva desa sociedade e a súa xustificación ideolóxica.

praxe: acción, transformación, produción.

sistema: conxunto ordenado e coherente.

ideoloxía: conxunto de ideas destinado a xustificar ou expresar intereses de grupos económica e socialmente poderosos.

alienación: do latín "alienus" que significa "aleno", é un estado no que o individuo non é el mesmo, non vive a súa propia vida senón a doutro.

revolución: cambio radical das estruturas económicas, sociais e políticas dunha sociedade.

A ética de Marx é unha consecuencia da súa concepción do **home** e da **sociedade**. O home é un ser natural e práctico, social e histórico. Posúe unhas necesidades naturais que trata de satisfacer mediante o seu traballo. Tamén a súa propia humanidade e o mundo cultural e histórico no que vive é o resultado da súa *praxe*. Esta actividade productivo-transformadora da realidade natural e histórica e de si mesmo, o home non a realiza illado senón en colaboración e en relación con outros homes. Todo o que pensa, incluídas as súas ideas morais, é o resultado da súa vida social.

Para Marx, toda sociedade é un sistema no que todo está determinado pola **economía**. A organización desta actividade económica divide a sociedade en dúas clases sociais enfrontadas: a que posúe os medios de produción e a que aporta o seu traballo. Aquela controla ademais tódolos resortes políticos e culturais para **explotar** a esta. Deste xeito, a felicidade duns poucos aséntase sobre a desgracia dos máis.

Cada clase social posúe unha determinada forma de pensar, que Marx denominou **ideoloxía**, e que se manifesta nos seus produtos culturais. A clase explotadora impón a súa ideoloxía sobre o conxunto da sociedade, chegando a identificarse coa forma de pensar de toda a sociedade. Deste xeito, o bo para toda a sociedade é o que beneficia á clase economicamente máis poderosa.

Os distintos sistemas sociais que se deron ó longo da historia son fases dun desenvolvemento progresivo, cun motor que é a loita de clases. No sistema capitalista, a loita de clases desembocará nunha revolución, mediante a que a clase traballadora tomará o poder político e implantará a sociedade comunista, **liberando** á humanidade da **alienación**.

As consecuencias éticas que de aquí se deducen son varias. En primeiro lugar, a moral é sempre **moral de clase** e posúe un carácter ideolóxico. En toda sociedade non existe unha soa moral senón varias. Con todo, é a moral da clase dominante a que se impón a todo o conxunto social. Con ela xustifícanse unhas determinadas relacións económicas e sociais, e o privilexio dunha clase sobre outra.

En segundo lugar, aínda que toda moral é relativa a unha clase social e a unha época histórica, non todas teñen o mesmo valor con respecto a unha moral verdadeiramente humana e universal, que é o fin do **progreso moral**.

Por último, o comportamento moralmente correcto consiste nun compromiso e acción **revolucionaria** do home na **loita contra a inxustiza**. O fin que se persegue é a liberdade e felicidade de toda a humanidade.

✓ Para Marx, a moral imperante nunha sociedade e nunha época histórica é ideoloxía ó servicio da clase social dominante. O home debe comprometerse na loita contra a inxustiza e na transformación revolucionaria da realidade social.

■ John Stuart Mill

O **utilitarismo** de John Stuart Mill (1806-1873) contrapónse á ética kantiana en que considera que a valoración moral se aplica ás accións e non ás persoas, e que esta se mide exclusivamente polas súas consecuencias, independentemente dos motivos ou intencións que nos impulsasen a actuar.

16

É tarefa da ética a de indicarnos cales son os nosos deberes ou mediante qué probas podemos coñecelos, pero ningún sistema ético esixe que o único motivo do noso actuar sexa un sentimento do deber. Polo contrario, o noventa e nove por cento de tódalas nosas accións realízanse por outros motivos, cousa que é do todo correcta se a regra do deber non os condena. Resulta totalmente inxusto facer obxeccións ó utilitarismo en base ó anteriormente mencionado cando precisamente os moralistas utilitaristas foron máis alá que case tódolos demais ó afirmaren que o motivo non ten nada que ver coa moralidade da acción, aínda que si moito co mérito do axente. Quen salva a un semellante de ser afogado fai o que é moralmente correcto, xa sexa o seu motivo o deber ou a esperanza de que o recompensen polo seu esforzo. Quen traizoa ó amigo que confía nel é culpable dun crime, aínda cando o seu obxectivo sexa servir a outro amigo con quen ten maiores obrigacións.

John Stuart Mill, **O Utilitarismo**

Tamén se distingue da ética kantiana en que considera que a felicidade é algo que ten que ser posible nesta vida. Para Mill, dado que o home desexa ser feliz, debe procurarse tódolos medios para conseguila **felicidade**. É moralmente bo todo o que é útil a este fin. Por felicidade enténdese, como os epicúreos, o pracer e a ausencia de dor.

17

O credo que acepta como fundamento da moral a utilidade, ou o principio da maior felicidade, mantén que as accións son correctas na medida en que tenden a promover a felicidade, incorrectas en canto tenden a produci-lo contrario á felicidade. Por felicidade enténdese o pracer e a ausencia de dor; por infelicidade a dor e a falta de pracer. (...) O pracer e a exención do sufrimento son as únicas cousas desexables como fins; e tódalas cousas desexables (que son tan numerosas no proxecto utilitarista como en calquera outro) son desexables polo pracer inherente a elas mesmas, ou como medios para a promoción do pracer e a evitación da dor.

John Stuart Mill, **O Utilitarismo**

utilitarismo: teoría ética que sostén que é bo o que é útil para a felicidade.

actividades

- Explica a idea principal do texto.
- ¿Cal é, segundo ti, o criterio de moralidade, a intención ou as consecuencias? Comenta os exemplos propostos no texto por Stuart Mill e pon outros.
- Contrapón a ética de Kant coa de Stuart Mill.



▲ O filósofo inglés, John Stuart Mill (1806-1873), é un teórico do Estado do benestar.

actividades


- Fai unha valoración crítica do principio utilitarista de maior felicidade.

altruísmo: do latín "alter" que significa "outro", preocupación polo ben dos demais á custa do propio.

antítese: o oposto ou contrario a algo.

► Stuart Mill defendeu na Cámara dos Comúns o sufraxio universal, a igualdade de dereitos para a muller e a axuda estatal ós desempregados.

Unha vida feliz é aquela na que hai máis praceres, e de máis calidade, que dores. Pero esta felicidade non a entende nun sentido egoísta senón *altruísta*. O principio do utilitarismo de Mill consiste en procura-la felicidade para o maior número de persoas. De aí a dimensión **social e política** da súa ética, en canto que se deben mellora-las condicións sociais (cultura, liberdade, benestar económico, etc) para que todo o mundo teña acceso á felicidade. No caso de que a felicidade individual entre en contradicción coa felicidade colectiva, Mill aplaude a renuncia e sacrificio do ben individual polo ben xeral.



✓ Para John Stuart Mill, débese procura-la felicidade xeral, e todo acto que procure este fin é moralmente bo. Por felicidade entende o pracer e a ausencia de dor. Unha vida feliz é aquela na que se gozan moitos e variados praceres e se sofren poucas dores.

■ Nietzsche

Nietzsche (1844-1900) levará a cabo unha crítica demoledora contra o cristianismo, contra a súa mentira do "outro mundo" e contra a súa **moral de rabaño**, de resentemento e de morte. No seu lugar proclamará a fidelidade a "este mundo" e a creación dunha nova **moral de señores**, de nobreza e de vida. Esta nova actitude vital e moral encarnaraa no superhome, a *antítese* do cristián.

actividades

- Comenta o contido do texto.

18

E Zaratustra falou así ó pobo:

Eu ensínovos o superhome. O home é algo que debe ser superado. ¿Que fixestes para superalo?

Tódolos seres crearon ata agora algo por riba deles mesmos: ¿e queredes ser vós o

refluxo desa gran marea, e retroceder ó animal antes que supera-lo home?

¿Que é o mono para o home? Unha irrisión ou unha vergoña dolorosa. E xusto iso é o que o home debe ser para o superhome: unha irrisión ou unha vergoña dolorosa.

Percorréste-lo camiño que leva dende o verme ata o home, e moitas cousas en vós continúan sendo verme. Noutro tempo fostes monos, e aínda agora é o home máis mono que calquera mono (...) ¡Mirade, eu ensínovos o superhome!

O superhome é o sentido da terra. Diga a vosa vontade: ¡sexa o superhome o sentido da terra!

¡Eu conxúrovos, irmáns meus, *permanecede fieis á terra* e non creades ós que vos falan de esperanzas sobreterrais! Son envelenadores, sáibano ou non.

Son despreciadores da vida.

Nietzsche, **Así falou Zaratustra**

Para o cristián Deus é o sentido da vida e o fundamento *absoluto* e *transcendente* de tódolos valores morais. Por iso, o anuncio de Nietzsche de que Deus morreu supón a caída no nihilismo, a *desvalorización* de tódolos valores, a perda de sentido da vida humana. Para o **nihilista** todo esforzo é inútil; non cre en nada, non fai nada, pois todo proxecto, incluído o da súa propia vida, está condenado ó fracaso.

Pero a morte de Deus ten outra cara. O home descobre que Deus foi unha creación súa, que o propio home é un creador de valores. Coa morte de Deus, un calafrío de liberdade percorre ó home. Este home que asumiu a morte de Deus e superou o nihilismo é o **superhome**.

19 ¿Non escoitastes falar daquel insensato, que na claridade que precede ó mediodía acendeu unha lanterna e botou a correr pola praza pública, berrando sen cesar: ¡Busco a Deus! ¡Busco a Deus! Como alí había moitos daqueles que non cren en Deus, o seu berro provocou unha grande gargallada. ¿É que Deus se perdeu? dicía un. ¿Extraviouse como un neno? dicía outro. ¿Ou é que está agachado? ¿Ten medo de nós? ¿Fíxose á mar? ¿Emigrou? Así berraban e rían nunha marfallada. O insensato saltou en medio deles e atravesoulles coa súa mirada. “¿Onde está Deus? Eu voulo dicir. ¡Nós matámolo, vós e mais eu! ¡Todos nós sómo-los seus asasinosa! Pero, ¿como fixemos isto? ¿Como puidemos baleira-lo mar? ¿Quen nos deu a esponxa para borra-lo horizonte?



▲ O filósofo alemán, Friedrich Nietzsche (1844-1900), cuestionou a existencia de calquera absoluto.

actividades

- ¿Que significa "Deus" na nosa cultura? ¿Que consecuencia negativa e positiva trae a súa "morte"?
- ¿Cres que vivimos nunha época nihilista? ¿En que se manifesta?

absoluto: algo independente de calquera outra cousa, que posúe valor en sí mesmo.

transcendente: que está máis alá duns límites.

desvalorizar: perder algo o valor que posúe.

nihilismo: do latín "nihil" que significa "nada".



▲ O existencialismo do filósofo francés Jean Paul Sartre (1905-1980) caracterízase polo seu ateísmo e a súa visión pesimista da existencia humana.

existencialismo: corrente filosófica que ten como obxecto de especulación a análise da existencia humana individual.

¿Que fixemos ó soltar esta terra do seu sol? ¿Cara a onde se move agora? ¿Cara a onde nos movemos? ¿Lonxe de tódolos soles? ¿Non caemos sen cesar? ¿Cara a diante, cara a atrás, de lado, de tódolos lados? ¿Hai aínda un arriba e un abaixo? ¿Non erramos como nunha nada infinita? ¿Non nos sopra de fronte o espacio baleiro? ¿Non vai máis frío? ¿Non nos vén por riba a noite, sempre máis noite? ¿Non é preciso acender lanternas en pleno mediodía? ¿Aínda non escoitamos nada do tumulto de enterradores que enterran a Deus? ¿Aínda non cheiramos nada da corrupción divina? ¡Tamén os deuses apodrecen! ¡Deus morreu! ¡Deus permanece morto! ¡E nós matámolo! ¿Como nos consolaremos, nós, os máis asasinados entre os asasinados? O que o mundo poseía de máis sagrado e poderoso se desangrouse baixo os nosos coitelos. ¿Quen borrará de nós este sangue? ¿Con que auga poderíamos purificarnos? ¿Que ceremonias de expiación, que xogos sagrados haberemos de inventar? A grandeza deste acto, ¿non é grande de máis para nós? ¿Non estamos forzados a converternos en deuses para, polo menos, parecer dignos dela?

Non houbo nunca no mundo acto máis grande e, para sempre, os que nazon despois de nós pertencerán, en virtude deste acto, a unha historia máis alta do que foi ata o presente toda historia.

Nietzsche, *A gaia ciencia*

✓ Nietzsche levará a cabo unha crítica radical contra a moral cristiá, á que oporá a moral do superhome. Este é aquel que matou a Deus e superou o nihilismo que conleva a súa morte.

■ Sartre

Para o filósofo existencialista Jean Paul Sartre (1905-1980), o home é absolutamente libre para desenvolver-lo proxecto da súa propia existencia. Nada o determina, nin Deus, que non existe, nin a súa herdanza xenética nin a súa cultura. O home é o que libremente decidiu ser.

A **liberdade** será para Sartre a fonte da que emanen tódolos valores e o único criterio e norma de moralidade. Non importa o que se faga, o único importante é que se faga libremente e que o individuo se comprometa e responsabilice da súa decisión. Quen se escude no determinismo é un home de mala fe.

Pero a liberdade causa unha grande angustia. O individuo quereía non escoller. Como carece de normas obxectivas que lle dean seguridade, vive sempre coa dúbida de se escolleu ben. Por iso, a liberdade, ademais do valor máis alto, é unha carga pesada e angustiosa, unha **condena** da que o individuo desexaría inutilmente librarse.

actividades

- Estructura as ideas principais do texto e resume o seu contido.
- Comenta a frase de Dostoievsky "Se Deus non existise, todo estaría permitido".
- Comenta as frases de Sartre: "O home é liberdade" e "O home está condenado a ser libre".

20 O existencialista pensa que é moi incómodo que Deus non exista, porque con el desaparece toda posibilidade de atopar valores nun ceo intelixible; xa que non se pode te-lo ceo a priori, porque non hai máis conciencia infinita e perfecta para pensalo; non está escrito en ningunha parte que o ben exista, que teña que ser honesto, que non teña que mentir; posto que precisamente estamos nun plano onde soamente hai homes. Dostoievsky escribiu: "Se Deus non existise, todo estaría permitido". Este é o punto de partida do existencialismo. En efecto, todo está permitido se Deus non existe e en consecuencia o home está abandonado, porque non se atopa nin en si nin fóra de si unha posibilidade de aferrarse. Non atopa ante todo excusas. Se en efecto a existencia precede á esencia, non se poderá xamais explicar por referencia a unha natureza humana dada e fixa; dito doutro xeito, non hai determinismo, o home é libre, o home é liberdade. Se, por outra parte, Deus non existe, non atopamos fronte a nós valores ou ordes que lexitimen a nosa conducta. Así, non temos nin detrás nin diante de nós, no dominio luminoso dos valores, xustificacións ou excusas. Estamos sós, sen excusas. É o que expresarei dicindo que o home está condenado a ser libre. Condenado, porque non se creou a si mesmo, e, sen embargo, por outro lado, libre, porque unha vez lanzado ó mundo é responsable de todo o que fai. O existencialista non cre no poder da paixón. Non pensará xamais que unha bela paixón é un torrente devastador que conduce fatalmente ó home a certos actos e que en consecuencia é unha excusa; pensa que o home é responsable da súa paixón. O existencialista tampouco pensará que o home pode atopar socorro nun signo dado sobre a terra que o orientará, porque pensa que o home descifra por si mesmo o signo como prefire. Pensa, pois, que o home, sen ningún apoio nin socorro, está condenado en cada instante a inventalo home.

Jean-Paul Sartre, **O existencialismo é un humanismo**

✓ Para Sartre, o valor moral dunha acción radica en se foi realizada libremente, non importando o que se faga. A liberdade esixe un compromiso e unha responsabilidade do individuo coa súa decisión.

Cuestións

1. ¿Que cualidades debe posuír, segundo os sofistas, un home excelente?
2. Distingue entre leis naturais e leis convencionais.
3. Expón brevemente o intelectualismo moral de Sócrates.
4. ¿Cal é, segundo Platón, a natureza do ben?
5. ¿En que consiste a xustiza para Platón?
6. ¿Que entende Aristóteles por felicidade?
7. ¿Que entende Aristóteles por virtude?
8. Expón brevemente o ideal moral estoico.
9. Expón brevemente o hedonismo epicúreo.
10. ¿Cal é para o cristianismo o máximo ben?
11. ¿Cando, segundo Tomé de Aquino, as leis humanas son xustas?
12. ¿Cal debe ser a actitude do cristián ante as leis xustas e inxustas?
13. ¿Que entende Kant por imperativo categórico, boa vontade e obrar por deber?
14. ¿Que relación establece Kant entre virtude e felicidade?
15. Explica brevemente a concepción de Marx da moral como ideoloxía.
16. Expón brevemente o utilitarismo de John Stuart Mill.
17. ¿En que se diferencia a moral utilitarista da moral kantiana?
18. Caracteriza as actitudes morais do cristián, do nihilista e do superhome en Nietzsche.
19. ¿Que valor moral ten a liberdade en Sartre?

Recensión


- Os sofistas entendían a virtude en sentido político. O home bo é o bo político, e este domina a arte da oratoria. Tamén defenderon o relativismo moral e o carácter convencional das leis.
- Para Sócrates, o home bo é o bo cidadán. Sostivo o intelectualismo moral, e defendeu que o ben era algo absoluto.
- Para Platón, o ben é algo absoluto, obxectivo e transcendente. A xustiza enténdese como harmonía social, como equilibrio interno e como purificación. O home xusto, ademais de vivir ben, recibirá un premio na outra vida pola súa bondade.
- Para Aristóteles, a felicidade constitúe o ben absoluto e o fin último das nosas accións. A felicidade radica na virtude, e esta consiste nun hábito de obrar ben e razoablemente. Aínda que se experimenta subxectivamente, a felicidade require unhas condicións obxectivas.
- Para os estoicos, o ben é a virtude. O home bo soporta firme e sereno tódalas desgracias, xa que sabe que son inevitables. A vida feliz consiste en manterse imperturbable ante calquera acontecemento externo.
- Para os epicúreos, o ben é o pracer. A vida feliz consiste na ausencia de dor corporal e anímica, posto que este é o pracer maior. Mediante o coñecemento o sabio persigue este estado de felicidade.
- Para san Tomé, a felicidade é sobrenatural e consiste na beatitude ou visión de Deus. Este é o premio reservado na outra vida ós homes bos. O ben consiste en cumprir a vontade de Deus.
- Para Kant, o individuo, en canto ser racional e libre, imponse a si mesmo o deber moral. O comportamento moralmente correcto (a virtude) consiste na intención de obrar por deber sen ter en conta as consecuencias da acción. Nesta vida virtude e felicidade son incompatibles.
- Para Marx, a moral imperante nunha sociedade e nunha época histórica é ideoloxía ó servizo da clase social dominante. O home debe comprometerse na loita contra a inxustiza e na transformación revolucionaria da realidade social.
- Para John Stuart Mill, débese procura-la felicidade xeral, e todo acto que procure este fin é moralmente bo. Por felicidade entende o pracer e a ausencia de dor. Unha vida feliz é aquela na que se gozan moitos e variados praceres e se sofren poucas dores.
- Nietzsche levará a cabo unha crítica radical contra a moral cristiá, á que oporá a moral do superhome. Este é aquel que matou a Deus e superou o nihilismo que supón a súa morte.
- Para Sartre, o valor moral dunha acción radica en se foi feita libremente, non importando o que se faga. A liberdade esixe un compromiso e unha responsabilidade do individuo coa súa decisión.

Actividades

ENCRUCILLADO

HORIZONTAIS.- **1:** Ó revés, corrente filosófica contemporánea que centra a súa especulación na análise da existencia humana individual. **3:** Estado de ánimo caracterizado pola imperturbabilidade e ausencia de inquietude. **5:** Segundo Marx, estado de desrealización e estrañamento no que se atopa o home no modo de produción capitalista. **7:** Para Kant, é o imperativo de moralidade. **9:** Para John Stuart Mill, é o principio de moralidade. **11:** Para Aristóteles, constitúe o fin derradeiro de tódalas nosas accións. **13:** Ó revés, individuo que nega todo principio e valor. **15:** Ó revés, individuo que coida que a felicidade consiste na aceptación resignada da adversidade.

VERTICAIS.- **1:** Ó revés, individuo que para Platón realiza o máis alto ideal moral e político. **4:** Doutrina ética que identifica o ben coa sabedoría. **13:** Ó revés, doutrina ética que identifica o ben co pracer. **15:** Para os sofistas, é a calidade do home excelente.



SOPA DE LETRAS

Localiza dez filósofos.

P	R	O	T	A	G	O	R	A	S	S	A	T	R	F
P	O	L	N	Ñ	F	A	O	R	O	Z	X	C	V	B
A	R	E	A	Q	T	Y	M	N	C	V	C	M	N	S
Ñ	S	P	K	T	R	Z	X	C	R	N	M	A	Ñ	E
E	A	I	O	P	O	L	Q	E	A	R	T	C	U	P
A	R	S	Z	X	D	F	N	C	T	G	V	E	H	I
P	T	Ñ	M	O	K	N	O	I	E	J	N	N	U	C
H	R	B	V	N	I	E	T	Z	S	C	H	E	E	U
G	E	Y	T	F	C	R	A	D	X	E	D	S	S	R
X	Q	A	Z	C	V	Y	L	U	I	O	T	R	E	O
R	S	T	C	E	L	Ñ	P	B	G	T	E	Y	U	I
A	R	D	U	E	G	I	V	O	F	R	G	K	I	A
M	E	F	I	S	E	L	E	T	O	T	S	I	R	A

CITAS: Completa as vocais que faltan.

__ H __ M __ __ M __ D __ D __ D __ T __ D __ S __ S __ C __ __ S __ S

PROTÁGORAS

__ D __ S T __ N __ D __ H __ M __ __ S T __ N __ L __ M __ S M __

JEAN PAUL SARTRE

QUINIELA

(a) Para os sofistas, as leis eran algo	divino	1
	natural	X
	convencional	2
(b) Para, a moral é ideoloxía que xustifica intereses de clase.	Sócrates	1
	Marx	X
	Séneca	2
(c) Para Sartre, a é o valor moral supremo.	oratoria	1
	liberdade	X
	sindérese	2
(d) Para Aristóteles, a virtude é o de obrar rectamente.	hábito	1
	imperativo	X
	descoñecemento	2
(e) Para Epicuro, o ben é	o pracer	1
	a dor	X
	o deber	2
(f) Para, o home virtuoso obra por deber.	Platón	1
	Kant	X
	Stuart Mill	2
(g) Para os, o mal non existe.	sofistas	1
	hedonistas	X
	estoicos	2
(h) Para Tomás de Aquino, o fin último do home é a	beatitude	1
	lei eterna	X
	lei divina	2
(i) Para, a moral cristiá é unha moral de rabaño.	Protágoras	1
	Nietzsche	X
	Tomás de Aquino	2
(l) Para o, unha acción é correcta en canto que promove a felicidade.	intelectualismo	1
	nihilismo	X
	utilitarismo	2